



CERTIFICACIÓN

D.^a María Cristina Varela García, secretaria do Concello de Vimianzo (A Coruña),

CERTIFICO:

Que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na sesión ordinaria do dezanove de febreiro de dous mil dezoito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“6º.- Concesión de subvencións

6.3. Bases reguladoras da convocatoria ordinaria de subvencións para o fomento de actividades deportivas ano 2018

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de febreiro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Bases reguladoras da Convocatoria ordinaria de subvencións para o fomento de actividades deportivas ano 2018.

Visto o expediente tramitado a proposta do Alcalde para a aprobación da convocatoria das axudas para fomento de actividades deportivas ano 2018.

Visto o informe de intervención.

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito.

De acordo co artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións e considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Visto canto antecede, esta Alcaldía realiza a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria ordinaria de subvencións para o fomento de actividades deportivas 2018 que se concretan como segue:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA ORDINARIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO ANO 2018

1. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a concesión de subvencións para o fomento do deporte no Concello de Vimianzo, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900 por un importe total de 24.000 euros.

O crédito previsto para estas achegas poderá ser ampliado, no caso de que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

2. Proxectos subvencionables.

Poderán ser obxecto de subvención proxectos relacionados con:

- A organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte, incluída a compra de material deportivo, e da práctica deportiva nos centros escolares.
- Os gastos asociados á organización de eventos deportivos, os derivados dos compromisos das federacións de clubs, da xestión ordinaria dos clubs e asociacións.
- Os gastos de transporte.

Non serán obxecto de subvención:

- Os gastos relacionados con comidas e similares.
- Os gastos das Comisións Festas para a celebración de festas parroquiais.
- Os gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde.



- Os gastos derivados das retencións do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF).
 - Actividades remuneradas.
- Todos os proxectos subvencionables deberán empregar a lingua galega na realización das actividades.

3. Solicitantes.

Poderán optar a estas subvencións as entidades e asociacións sen fins de lucro, públicas ou privadas, que, cumprindo o prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do concello de Vimianzo.
- O obxecto da entidade debe estar relacionado co fomento da actividade deportiva.
- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención.
- No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Vimianzo ou doutra administración, correspondente ao exercicio económico de 2018, e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.
- Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vimianzo, Facenda Pública e coa Seguridade Social.
- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Vimianzo.
- Dispor de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos

4. Procedemento de solicitude.

Dado que a tramitación será telemática, en cumprimento do artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común da Administracións Públicas: A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente o Concello. Deberá dispoñer de certificado dixital:

- Quen ocupe a Presidencia da entidade
- Quen ocupe a Secretaría da entidade
- Quen represente a entidade perante a Concello (no caso de ser distinta das dúas anteriores).

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Vimianzo. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, podendo consultarse as bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na web municipal (www.vimianzo.gal), (anexo I):

- Solicitude, asinada polo presidente da entidade ou asociación ou por quen teña conferida a delegación, debidamente acreditada (Nomeamento de representante).
- Declaración da entidade organizadora, na que se fagan constar as contías das axudas asignadas ou recibidas por outras Administracións Públicas, ou ente público ou privado, para o mesmo fin no ano 2018.
- Declaración responsable de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Concello, coa Facenda Públicas e coa Seguridade Social.
- Declaración da entidade, de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas e de que os datos que se achegan no expediente de solicitude responden á realidade.



- Declaración do número de socios da entidade e importe da cota anual, acompañada de acreditación documental.
- Declaración dos club de fútbol, na que se faga constar o número de equipos federados, a categoría na que militan, a relación de xogadores de cada plantilla indicando se están empadroados ou non no concello de Vimianzo.
- Memoria de actividades desenvolvidas no ano anterior ao da presentación da solicitude de subvención indicando as subvencións recibidas.
- Programa detallado dos proxectos e actividades que se pretende realizar, na que se expliciten as datas e lugar de realización, número de participantes previstos, así como o orzamento detallado de gastos e ingresos e calquera outro dato que sirva para xustificar a necesidade da subvención.
- Copia do código de identificación fiscal (CIF)
- Certificación bancaria do número de conta onde depositar a subvención concedida.
- Autorización para que o Concello poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento da concesión (recoñecemento das obrigas) e ordenar os pagamentos das subvencións.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

5. Criterios de valoración.

As peticións de subvención tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva (mediante a comparación das solicitudes presentadas), e o órgano encargado do seu outorgamento será a Xunta de Goberno Local, a proposta motivada do órgano instrutor (técnico de deportes), previo informe da Comisión Técnica de Avaliación.

O instrutor será o técnico de deportes do concello de Vimianzo, ou quen o substitúa en caso de ausencia, por Resolución da Alcaldía.

A Comisión Técnica de Avaliación estará composta polos seguintes membros:

- Presidente (Alcalde ou persoa en quen delegue)
- Concelleiro de Facenda ou persoa en quen delegue
- Concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue
- Técnico de Administración Xeral, técnica de cultura e técnico de deportes,
- Un funcionario do Concello que actuará como secretario da Comisión.

5.1. Para as asociacións

Ademais dos criterios básicos para a prioridade na selección de solicitudes reseñados no artigo 14 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións, teranse en conta os seguintes criterios específicos:

Os contidos do programa anual estarán estruturados da seguinte maneira:

- Programa anual: conxunto de proxectos que se desenvolverán ao longo do ano.
- Proxecto: conxunto de actividades encamiñadas a desenvolver un proxecto.
- Actividades: conxunto de accións que forman parte dun proxecto.

a) Descrición e contidos do programa obxecto da subvención, ata 40 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

- Organización de competicións deportivas: ata 10 puntos.



- Organización e fomento de actividades deportivas na natureza: ata 10 puntos.
- Fomento de actividades relacionadas cos xogos populares: ata 10 puntos.
- Organización de campamentos: ata 10 puntos.

b) Programación para o ano 2018 que se distribuirá do seguinte xeito, ata 15 puntos:

- Número de proxectos incluídos no programa: ata 15 puntos por proxecto presentado.

c) Repercusión social e publicidade do noso Concello ata 40 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

2.- Número de persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola actividade: 30 puntos.

- Ámbito autonómico: 30 puntos
- Ámbito provincial: 25 puntos
- Ámbito comarcal: 20 puntos
- Ámbito municipal: 15 puntos
- Ámbito parroquial ou escolar: 10 puntos
- Ámbito asociación: 5 puntos

1.- Número de socios ou persoas que compoñen a entidade: ata 10 puntos.

- 0 – 20 socios-as: 1 punto
- 21 – 30 socios-as: 2 puntos
- 31-40 socios-as: 3 puntos
- 41-50 socios-as: 4 puntos
- 51-60 socios-as: 5 puntos
- 61-70 socios-as: 6 puntos
- 71-80 socios-as: 7 puntos
- 80-100 socios-as: 8 puntos
- 101-200 socios-as: 9 puntos
- Máis de 200 socios-as: 10 puntos

5.2. Para clubs.

Teranse en conta os seguintes criterios específicos:

a) Participación en competicións federadas, ata 50 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

1. Participación en campionatos estatais: 25 puntos por cada participación nacional ata un máximo de 50 puntos.
2. Participación en campionatos galegos: 20 puntos por cada participación autonómica ata un máximo de 50 puntos.
3. Outras participacións de carácter federado: 10 puntos por cada participación en campionatos federados (que non sexan de ámbito nacional ou autonómico) ata un máximo de 50 puntos.

b) Número de deportistas federados, ata 50 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

- a) Número de deportistas adultos: ata 20 puntos.
- b) Número de deportistas de categorías inferiores (benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil): ata 20 puntos.
- c) Número de deportistas de xénero feminino: ata 10 puntos.

5.3. Para clubs de fútbol e fútbol sala.



a) As cantidades que recibirán os clubs e equipos de fútbol e fútbol sala son as seguintes, en función da categoría na que se atope o equipo, de tal xeito que cada club ten dereito a percibir o total que lle corresponda polo equipo que teña na categoría máis alta, e a metade do que lle corresponda por ter equipos nas outras categorías:

Fútbol Masculino	Categoría	Subvención actividade	Subvención a transporte e gastos de arbitraje
	Rexional Preferente	6.000,00 €	10.000,00 €
	1ª autonómica	4.000,00 €	5.000,00 €
	2ª autonómica	1.000,00 €	1.000,00 €
	3ª autonómica	600,00 €	700,00 €
	Xuvenil	200,00 €	300,00 €
	Outras categorías	200,00 €	300,00 €
Fútbol Feminino	Estatal	1.000,00 €	2.500,00 €
	Autonómica	500,00 €	1.000,00 €
	Outras	200,00 €	300,00 €

b) Os criterios para obter subvención son os seguintes:

- Se o número de xogadores ou xogadoras federadas do equipo, empadroadas no concello de Vimianzo, é non inferior ao 40% reciben a totalidade do previsto para a súa categoría.
- Se o número de xogadores ou xogadoras federadas do equipo, empadroadas no concello de Vimianzo, é menor que o 40% e superior ou igual ao 25% reciben a metade do previsto para a súa categoría
- Se o número de xogadores ou xogadoras federadas do equipo, empadroadas no concello de Vimianzo, é menor que o 25% non reciben nada do previsto para a súa categoría.

5.4. Para os clubs de fútbol mediante concorrencia competitiva.

En concorrencia competitiva para creación de novas categorías e a organización de actividades distintas das competicións de Liga dos clubs e equipos de fútbol e fútbol sala, onde o número de xogadores ou xogadoras federadas do equipo, empadroadas no concello de Vimianzo, é maior ou igual que o 25%, destínanse 3.000€ a distribuír entre aquelas iniciativas que estes presenten e teñan que ver coas seguintes liñas:

A) Creación e mantemento de equipos en categorías inferiores (1.500€)

Posibilidade de engadir estes 1.500€ directamente na táboa superior en apartado “Categorías Base” en lugar de “Categoría Xuvenil”

B) Organización de actividades no verán nas que participen terceiros beneficiarios (1.000€)

C) Organización de actividades distintas aos campionatos de Liga, nas que participen terceiros beneficiarios (500€)

Os criterios de distribución serán en función do número de categorías e de participantes nas mesmas, o número de actividades, a duración das mesmas e o número de participantes; tanto na liña de verán como nas outras.

6. Outorgamento das subvencións

a) O outorgamento das subvencións correspóndelle á Xunta de Goberno Local, previa proposta do órgano instrutor (técnico de deportes), debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de



solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, e especificar a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualas, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite; dito informe será sometido a Comisión Técnica de Avaliación referida nestas bases, previo ó acordo da Xunta de Goberno e fiscalizado pola intervención.

b) As cantidades a solicitar como subvención deberán representar, como moito, o 100% do orzamento total previsto da actividade ou actividades.

c) As subvencións concédense condicionadas a facer constar na documentación, soporte, impreso ou publicidade de todo tipo referente ás actividades subvencionadas, que estas se realizan con financiamento do Concello de Vimianzo.

d) O tope máximo da suma total das contías das subvencións para os clubs e equipos de fútbol e fútbol sala será de 21.000€. No caso de superarse este tope repartiranse os 21.000€ entre os peticionarios de xeito proporcional, en función do que lles corresponda en aplicación dos criterios.

e) A suma total das contías das subvencións que reciban o resto das asociacións que non sexan clubs de fútbol e fútbol sala, non superará a diferenza entre 24.000€ e a suma das subvencións dos clubs e equipos de fútbol e fútbol sala. No caso contrario repartirase esa diferenza entre os peticionarios de xeito proporcional, en función do que lles corresponda en aplicación dos criterios.

f) Calquera falsificación dos datos achegados dará lugar á perda da subvención ou ao seu reintegro, no caso de que se cobrase.

7. Obrigas dos beneficiarios

Son obrigas dos beneficiarios:

- Aceptar a subvención, que se entenderá por aceptada se no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir daquel no que reciban a notificación da concesión da subvención, non renuncia expresa e motivadamente á mesma.
- Realizar o proxecto ou proxectos subvencionados, ou cumprir co fin ou propósito que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar documentalmente, e na forma e prazos previstos nestas Bases, o cumprimento da finalidade que motivou a concesión da subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos.
- Someterse aos procedementos de control ou de auditoría que realice a Intervención municipal, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras e, tamén na condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderase esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código Penal.
- Comunicar ao Concello de Vimianzo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar que no momento da solicitude no Concello e pagamento da achega, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Pública e fronte á Seguridade Social.
- Empregar a lingua galega na realización das actividades.
- Facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe dos proxectos, que os mesmos están subvencionados polo Concello de Vimianzo.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o exercicio de comprobación e control.



- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións e control.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos polo artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas enumeradas no artigo 17 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Devolver a cantidade que lle corresponda prorrateada por partidos non xogados, no caso daqueles equipos de fútbol que non rematen a liga.

8. Xustificación e pagamento

8.1. As subvencións concedidas aboaranse do seguinte xeito:

- a) O 60 por cento a partir do momento de solicitar o pagamento, tras a notificación da concesión de subvención, como pago anticipable a xustificar posteriormente e antes de recibir a contía total concedida. Non se requirirá garantía.
- b) O 40 por cento restante, unha vez presentada no Concello a seguinte documentación en modelo normalizado (Anexo II):

- Instancia subscrita polo representante da entidade beneficiaria, dirixida ao Alcalde do Concello, solicitando o pagamento do total da subvención e achegando o correspondente impreso de xustificación de gastos, debidamente cumprimentado e asinado.

- Memoria detallada dos proxectos realizados. Esta memoria acompañarase dalgún documento que demostre a realización da actividade, como noticias de prensa, fotografías, trípticos ou carteis... No caso de que non fose posible achegar algún destes documentos explicárase o motivo.

- Relación de gastos, acompañada de facturas orixinais, ou copias compulsadas, cuxos conceptos definan claramente a actividade realizada, polo importe total da subvención concedida, achegando declaración do solicitante de ter realizado o fin para o que foi concedida a subvención. Estes documentos terán que reunir os requisitos esixidos na lexislación vixente.

- Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Concello, coa Facenda Pública, e coa Seguridade Social e autorización ao Concello para obter dita información.

8.2. A realización das actividades subvencionadas será en calquera caso dentro do exercicio económico de 2018, debendo estar xustificadas as actividades antes do 15 de novembro de 2018.

8.3. Procederá o reintegro das subvencións cos xuros de mora dende o momento do seu pagamento, cando o beneficiario incumpra a obriga de xustificar ou incumpra a finalidade para a que a subvención foi outorgada, ou cando obteña a subvención sen reunir as condicións requiridas para esta.

8.4 O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificadeo o cumprimento das condicións da subvención, advertirase a entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito a subvención outorgada.

8.5. A documentación xustificativa sinalada será presentada de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Vimianzo, a presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a xustificación sexa presentada dentro do prazo establecido.



8.6. A aprobación da xustificación e o pagamento corresponderá á Xunta de Goberno Local, previo informe do órgano instrutor (técnico de deportes), no que faga constar que se cumpriron as bases da subvención e a documentación xustificativa é completa, posteriormente será fiscalizado pola Intervención Xeral do Concello, previo ó acordo da Xunta de Goberno Local.

8.7. No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

9. Publicidade

A relación das subvencións concedidas publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Vimianzo, así como na páxina web oficial do Concello de Vimianzo, <http://www.vimianzo.gal>, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiarios e contías percibidas e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas formularanse os recursos que procedan.

10. Réxime sancionador

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro.

11. Disposición final

No non previsto na presente Convocatoria será de aplicación a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vimianzo, e o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.”

SEGUNDO: Remitir a Base de Datos Nacional de Subvencións a información requirida para a remisión por ela ao BOP do extracto da convocatoria e publicación na mesma Base de Datos, de acordo co artigo 18 e 20 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Vimianzo, 19 de febreiro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

E para que conste, expídese esta certificación de orde do alcalde, coa salvedade que establece o art. 206 do ROF, en Vimianzo.

Visto e praxe

O alcalde